

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **7 de maio de 2024** en formato híbrido (presencial na Facultade de Ciencias da Educación e online a través de Teams), coa asistencia dos seguintes membros:

Alicia Gloria Riso Miguez, Anabel Carreño Garea, Ánxela Bugallo Rodríguez, Berta Roca Gabriel, Blanca Laffon Lage, Jennifer González Páez, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Natalia Lado Cerviño, Patricia Carballal Miñán, Paula Fernández Pazos, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Yamilé Pérez Guilarte, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia a profesora Mar Rodríguez Romero e o señor decano Manuel Peralbo Uzquiano.

Comeza a sesión ás 18:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

**1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (05/03/2024).**

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT, Juan Carlos Rivadulla López e, como a acta fóra posta a disposición dos presentes con anterioridade á reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

**2. Valoración do marzo ambiental e outras actividades realizadas.**

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvida aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, informa acerca das actividades realizadas na facultade durante o Marzo Ambiental e o resto do 2º cuatrimestre.

En relación co Marzo Ambiental, fixéronse diferentes actividades, algunhas en colaboración coa Oficina de Medio Ambiente (OMA), igual que o ano pasado; especificamente:

- Taller de compostaxe, que incluíu a visita ao composteiro da facultade para que os participantes puideran ver en primeira persoa como se transforman os restos orgánicos (fundamentalmente procedentes da cafetería do centro) en compost que logo se emprega para abonar as propias leiras da UDC;
- Auditoría da auga, na que participou alumnado de educación primaria e educación infantil. Permitiu comprobar que practicamente todas as billas están ben reguladas, o que implica que o servizo de limpeza tamén está pendente de reducir novamente o caudal cada vez que o amplían para as tarefas de limpeza. Así mesmo, axustáronse as que faltaban.

- Mapa de ruído por toda a facultade, na que se obtiveron niveis aceptables na maioría dos espazos, agás na cafetería, que sigue dando vermello. A partir dos resultados obtidos realizarase unha campaña de concienciación para continuar mellorando.

Tamén foi impartida por Nutriciona unha charla sobre alimentación saudable e sostible, que ademais de resultar moi interesante para os asistentes polo seu contido, posibilita incorporar a liña de actuación ligada ao coidado da saúde, conxugando así ambas áreas (coidado do medio ambiente e coidado da saúde).

Igualmente, procedeuse á exposición dos carteis presentados ao concurso celebrado na facultade o pasado mes de novembro para promover a diminución do uso do ascensor, ademais da colocación do cartel gañador por todas as plantas. Semella ter estando certo efecto, en tanto que se observa que suben máis persoas á vez por cada traxecto.

En relación a outras actividades, prevíase retirar as papeleiras das aulas, pero será unha actividade a completar no próximo curso académico, xa que coa chegada da fin de curso, perde sentido como medida inmediata.

Grazas á labor da bolseira, Daniela Antelo, e á profesora Yamilé Pérez Guilarte, mantéñense actualizadas e en activo as redes sociais.

### **3. Información sobre a solicitude de renovación da Bandeira Verde.**

O profesor Pedro Vega Marcote continúa a súa intervención informando de que o próximo venres 10 de maio 2024 será a reunión para coñecer os pasos e requisitos actualizados para poder tramitar a renovación da Bandeira Verde.

Aproveita a ocasión para comentar que tamén nos pasados días foi publicado o Plan de Aforro Enerxético da universidade, onde varias das medidas recollidas foron precisamente suxestións emitidas polo noso Comité Ambiental, así como do doutras facultades.

Por outra banda, cabe destacar o noso apoio desde o Comité Ambiental ás concentracións convocadas semanalmente pola Oficina de Igualdade, da que é representante a profesora Mar Rodríguez Romero, integrante tamén do Comité Ambiental, contra o xenocidio en Gaza, no que entendemos tamén como un ecocidio, polo impacto ambiental que se está a causar a curto e longo prazo sobre as zonas afectadas.

### **4. Proposta de actuacións para o curso 2024/2025.**

En relación coa proposta de novas actuacións para o próximo curso 2024/2025, desafortunadamente a instalación da Aula da Natureza, solicitada en varias ocasións pola profesora Miriam Carretero, segue sen poder concretarse debido

ao recente cambio de goberno e máis da persoa responsable da OMA; reiniciaranse as conversas co novo equipo reitoral en setembro.

O que si se prevé facer é eliminar as papeleiras das aulas, para promover o uso das illas de residuos xa dispoñibles en cada planta da facultade, e máis continuar coas diferentes liñas de traballo actuais, concretamente:

- Redución e reutilización de recursos: informa a profesora Lucía Vázquez Ben, como responsable dos laboratorios, que se procedeu co alumnado de primaria a realizar a auditoría de auga dos propios laboratorios. A partir dos resultados obtidos, o próximo curso se deseñarán e porán en marcha, en colaboración co alumnado de diferentes cursos e titulacións, as medidas máis adecuadas para reducir o consumo de auga nestes espazos. Tamén se procura a reutilización de materiais nas diferentes actividades; por exemplo, empregando vasos de iogur e queixo fresco no estudo da xerminación de plantas, botellas de plástico, cartolinas... previamente usadas para a fabricación de maquetas, etc. Proponse para o próximo ano confeccionar un decálogo de boas prácticas que podan aplicar non só na facultade, como estudantes, senón tamén nos seus futuros espazos de traballo, xa como titulados.

- Experiencias de economía circular: intervén a continuación a profesora Ánxela Bugallo Rodríguez, como responsable da ambientalización curricular, para relatar a experiencia realizada co alumnado do Mestrado de Didácticas Específicas no contexto da materia de *Novas tendencias en Educación Ambiental*. Creouse unha actividade consistente en avaliar diferentes parámetros da economía circular a nivel institucional (facultade) en relación coa xestión de residuos, máis delegando esta avaliación en mans do alumnado.

Xa que logo, falouse co servizo de limpeza para deixar 15 días que se acumularan os residuos nas aulas para analizar o material que non se estaba clasificando nin reciclando desde estes espazos, ao non dispoñer de separadores. Sen embargo, finalmente tivo que ser só de 2 días pola grande cantidade de residuos acumulados. Recollidos os residuos, procedeuse a analizar o tipo de residuos, reclasificalos, desbotalos adecuadamente e, seguidamente, levouse a cabo unha campaña de concienciación en cada unha das titulacións explicando ao alumnado por que é necesario eliminar as papeleiras das aulas e onde tirar cada residuo nas illas. Funcionou moi ben en todos os grupos onde foron, con participación activa do alumnado atendendo a esas exposicións. Xa que logo, proponse que o enfoque de traballo sexa tratar de relacionar os contidos abordados en cada materia coa economía circular e poñer en

práctica o planteado. Así, este tipo de tarefas podería axudar a mellorar distintos “puntos quentes” para a economía circular que temos pendentes.

Retoma a palabra o profesor Pedro Vega para, en relación coas medidas de aforro enerxético, recordar apagar o ordenador das aulas e despachos (e dispositivos asociados) para promover o aforro. Tamén informa de que a profesora Yolanda Golías, como coordinadora do itinerario de Ciencias Experimentais do Mestrado en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, vai seguir traballando en que o profesorado no seu conxunto vaia incorporando estas propostas.

Intervén seguidamente o alumnado membro do Comité Ambiental para transmitir a súa valoración positiva con respecto deste curso académico, resaltando diversas fortalezas e debilidades, e facendo suxestións ao respecto:

- Fortalezas:
  - (1) a iniciativa da compostaxe, na que viñeron desde a OMA ata tres veces para facelo, chegando así a máis persoas;
  - (2) a dispoñibilidade de contedores de diferentes tipo por toda a facultade e mesmo universidade, aínda que lamentan que non sexa igual dentro das aulas;
  - (3) o concurso de carteis para concienciar o uso do ascensor;
  - (4) que case todas as billas da facultade operen mediante válvula de pulsador, polo que sempre se gasta o mesmo e non se corre o risco de esquecer pechala.
- Debilidades:
  - (1) Aínda non se retiraron as papeleiras das aulas, que recomentan que substituír por pequenos contedores de orgánicos e inorgánicos (para fomentar a separación dende a aula)
  - (2) Falta de concienciación do profesorado en relación co aforro enerxético (p.ex. ventás abertas estando a calefacción acesa).
  - (3) As cisternas carecen de dobre descarga.
  - (4) Ausencia dunha zona dentro da facultade a través do cal promover a reutilización de material de papelería como cartolinas, goma-eva..., de uso moi frecuente na nosa facultade. Neste punto o profesor Pedro Vega indica que se valorará, xunto co Vicedecano de Infraestruturas e Asuntos Económicos, o profesor Roberto Suárez Brandariz, a posibilidade de facilitar algún espazo da facultade para esta fin, aproveitando ademais que o día 17 de maio é o Día Mundial da Reciclaxe.

(5) Hai profesorado que para a súa materia solicita a compra de libros, apuntes moi grosos, polo que se suxire que o suban ao Campus Virtual para aforrar papel.

## **5. Quenda aberta de intervencións.**

Intervén a profesora Alicia Risso para facilitar ao Comité Ambiental polo traballo realizado durante o curso, resaltando o número de tarefas completadas e a eficiencia do traballo realizado.

Coméntase tamén entre os membros a por fin floración das glicinias instaladas o curso pasado ás portas da facultade, coa fin de humanizar o espazo. Agárdase que continúen a medrar con éxito, se ben se suxire amarralas mellor para evitar que se descolguen debido á intensidade do vento das últimas semanas.

Por último, retoma a palabra o profesor Pedro Vega para comunicar que en canto estea dispoñible a memoria anual e máis o plan de acción do próximo curso será remitido aos membros do Comité para a súa valoración e retroalimentación.

Pecha a sesión anunciando que a próxima reunión será en outubro, para a que será especialmente importante que asista o maior número posible de membros do Comité por coincidir coa visita da persoa a cargo de avaliar a nosa petición de renovación da Bandeira Verde.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18:50h.

A Coruña, 7 maio de 2024,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental